

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 11 de xullo de 2015
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día once de xullo de dous mil quince, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, do Grupo Popular; dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco, don Álvaro Vila Araújo e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Non asisten don Francisco Rodríguez Rodríguez e don Julio Pérez Carballo do Grupo Popular e don José Ignacio Gómez Pérez do Grupo do PSdeG.-PSOE.

Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

A continuación iníciase o tratamento do único asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación.

ÚNICO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE ABRIL DE 2015.-

O señor presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de abril de 2015.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

E ás 11.01 horas do citado día once de xullo de dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extrordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,